

Resolución da Comisión de Selección encargada de cualificar o proceso selectivo extraordinario da Axencia Turismo de Galicia, convocado pola Resolución do 28 de decembro de 2022 (DOG núm. 248, do 30 de decembro), pola que se fan públicos a data, a hora e o lugar de realización da proba de coñecemento de lingua galega para as persoas aspirantes que non acreditan estar en posesión do nivel de coñecemento requirido para o acceso ás prazas convocadas.

En sesión que tivo lugar o 19 de xuño de 2023, a comisión de selección nomeada pola Resolución do 5 de maio de 2023 (DOG núm. 92, do 15 de maio) para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no apartado 1.4.2.II das bases que rexen o proceso selectivo extraordinario de estabilización, aprobadas mediante a Resolución do 28 de decembro de 2022,

ACORDA

Primeiro.- Facer público, a través do portal web corporativo, o día, a hora e o lugar de realización da proba de coñecemento de lingua galega, que terá lugar o día **12 de xullo de 2023, ás 17:00 horas**, na **sala de dirección da Axencia Turismo de Galicia** (A Barcia. Estrada Santiago - Noia km. 3, 15896 - Santiago de Compostela).

Segundo.- Facer público, a través do portal web corporativo, o seguinte criterio decidido pola comisión de selección para a superación da proba de coñecemento de lingua galega:

Para a cualificación do exercicio como apto, a persoa aspirante **deberá acadar o 50% do total da puntuación máxima prevista para a proba tipo test**, considerando o que din as bases:

"A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, con catro (4) respostas alternativas, das cales só unha (1) delas será a correcta, máis tres (3) de reserva, mediante o cal se evidencie o coñecemento da lingua galega".

"Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta".

Terceiro.- As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio provistas do **NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno**, que a xuízo da comisión de selección, acredite a súa identidade. Non se permitirá o acceso á aula en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario

José Carlos Fernández-Barja Martínez

Vº e Prace
O presidente

Antonio Casas Calviño

